



FICHA RESUME

PE 410A 2008/ 7 -5

Ano	2009
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE REDONDELA
Plan explotación ⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS
Réxime ⁽²⁾	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
Modalidade ⁽³⁾	A PÉ

Especies	<i>Hediste diversicolor</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>
Ambito do plan	A Portela (de Punta Monte Gordo a Punta de Socorro) e praia de Barra.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
6		
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	100										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾	Do 16 de marzo ao 30 de outubro.										
Modalidade ⁽³⁾ :	A PÉ										
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

Especies	A pé (Exemplares/mariscadora/día)
<i>Hediste diversicolor</i> , <i>Diopatra neapolitana</i>	800 en total (Ver consideracións)

Artes a empregar	Forquita
------------------	----------

Puntos de control	A Portela e lonxa de Cesantes.
Puntos de venda	Centro de venda autorizado

Outras consideracións ⁽⁹⁾
De acordo co establecido no artigo 7º da Orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre as dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse



as 17 horas

Coas solicitudes de apertura mensuais deberán remitir os seguintes datos:

- Relación das mariscadoras que pretenden desenvolver á actividade.
- Datos de extracción do mes anterior indicando as recolectoras, zona de traballo e nº de individuos/sp capturados.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volveuse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

Non se acepta o incremento dun novo permiso de explotación dado que a explotación de poliquetes permite complementar os ingresos do colectivo de marisqueo a pé, os protocolos de mostraxe que permitan coñecer o estado das poboacións non está desenvolto e o número medio de mariscadoras que están a explotar o recurso foi inferior a 5 no ano 2008.

Deberán respectarse as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre a autorización previa para desenvolver o plan de explotación para o 2009.

Informe da Consellería de Medio Ambiente e Des. Sostible:

O desenvolvemento do plan de explotación de poliquetes na Enseada de San Simón poderá realizarse baixo ase seguintes condicións:

- a) En tanto non se presente o estudo de repercusións ambientais que condicionaba a autorización para o desenvolvemento do plan de explotación do 2009, as cantidades extraídas por mariscaor/día quedarán reducidas a **400 individuos para a especie *Hediste diversicolor* e a 100 individuos para a especie *Diopatra naeopolitana*.**
- b) No caso de que se levanten ou removan pedras ou substratos, deberán volver a colocarse na posición orixinal.